Nº 5- Tempada 17/18

EXEMPLAR GRATUITO

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE
DDDDDD
CANDELAS

FOGAR DO BREOGÁN

En pé dende 1966

BLOQUEO DIRECTO con Guille RUBIO

ENTREVISTA

A nova vida de Dani López

UN CLÁSICO

Dous históricos sobre o parqué do Pazo

DEPORTE GALEGO
GALICIA SAUDABLE
Concello de Lugo
HYUNDAI DITRAMOTOR
CAIXA RURAL GALEGA
polusa
Estrella Galicia
CANDELAS
hummel

O rival

32 NOAH DAVID ALLEN
Aleiro
01/02/1995
Nacionalidade ESTADOS UNIDOS
Altura: 201 cm

28 LLUIS COSTA MARTINEZ
Base
27/02/1993 Sant Just Desvern (Barcelona)
Nacionalidade ESPAÑA
Altura: 187 cm

18 JORDAN DJOUNOROU SAKHO
Pívot
04/04/1997
Nacionalidade REP. DEMOCRÁTICA DEL CONGO
Altura: 207 cm

77 JOKUBAS GINTVAINIS
Base
25/07/1994
Nacionalidade LITUANIA
Altura: 192 cm

2 ASHLEY GEORGES PLUMMER HAMILTON
Ala pívot
28/09/1988
Nacionalidade GRAN BRETAÑA
Altura: 201 cm

5 GUILLEM JOU COLL
Escolta
15/07/1997 Girona (Girona)
Nacionalidade ESPAÑA
Altura: 197 cm

6 GABRIEL LUNDBERG
Escolta
04/12/1994
Nacionalidade DINAMARCA
Altura: 193 cm

3 JAVIER MUGICA SECO
Ala pívot
25/03/1983
Nacionalidade ESPAÑA
Altura: 202 cm

33 ALVARO MUÑOZ BORCHERS
Aleiro
25/11/1990 Ávila
Nacionalidade ESPAÑA
Altura: 196 cm

4 JORDI TRIAS FELIU
Ala pívot
05/11/1980
Nacionalidade ESPAÑA
Altura: 206 cm

Adestrador

ALEIX DURAN NYSSEN

04/08/1977

- Equipo moi completo e físico que destaca por unha intensa defensa e un excelente contraataque.
- Na construcción de xogo contan con dous bases de gran calidade. Sobresae a dirección de Lluis Costa
- Os xogadores máis destacados son Jordi Trias e Álvaro Muñoz. Ollo tamén ao escolta Lumberg.
- Conxunto moi compensado que chega a Lugo tras unha doada vitoria ante Huesca (73-54).

CHIC
Fashion&Co

BLACK
FRIDAY
VIERNES 24 Y SÁBADO 25 DE NOVIEMBRE
20% DESCUENTO
EN PRENDAS SELECCIONADAS

RÚA NOVA 78, BAJO - LUGO

Recende a clásico no Pazo

C.B. Breogán S.A.D.

O encontro desta tarde entre Cafés Candelas Breogán e ILC Manresa ten sabor a partido doutra época e, posiblemente, doutra categoría

O conxunto catalán é un dos grandes clásicos do baloncesto nacional, algo do que tamén pode presumir o Breo, e esta tarde lembran vellas rivalidades e enfrontamentos que se sucederon na súa grande maioría en ACB.

Aquela nefasta tempada 2005/2006 na que os celestes descendían a LEB, os manresanos corrían a mesma sorte nunha triste coincidencia para dous históricos. O Manresa volveu a ACB ao final da campaña posterior e o Breo segue a buscar o regreso.

Na máxima categoría, Manresa e Breogán medíronse en 50 ocasións con 30 trunfos celestes e 20 para os vermellos.

Hoxe, sobre o parqué do Pazo, dous equipos loitando por voltar ao lugar onde nunca deberon faltar. Dous equipos que destilan tradición e que hoxe escribirán unha liña máis nas súas xa longas historias.

O resultado será importante para calquera dos dous. O significado deste enfrontamento tantos anos despois ten un grande valor emocional para os que levan moitos anos gozando deste gran deporte.

CANDELAS

Guille Rubio

O BLOQUEO COMO XOGADA PERFECTA

-Un vicio: O Café

-Unha Virtude: A paciencia

-Un defecto: Esquecedizo

-Un medo: As turbulencias

-Unha manía: Entrar na pista sempre con pé dereito

-Que é o primero que pensas cando se ve nunha foto?

-Penso en como pasa o tempo

-Como era de neno?

-Bastante ben guiado



-Algo sen o que non podería vivir

-Sen a miña filla

-Algo que deteste: A hipocresía

-Alguén a quen admire: A ninguén en especial

-Mellor momento do día: Despois de cear

-Unha comida:
Calquera de comer con culler

-Que sabe cociñar?

-Non se me da moi mal, pero a verdade é que cociño pouco

-Un rincón de Lugo: O centro da cidade

-De no ser xogador sería... : Policía

-Que música lle gusta?
-Adoito escoitar flamenco

-Primeira lembranza nisto do baloncesto:
-Perdido pola pista detrás do balón dun lado para outro

-Cal é a xogada perfecta?
-Na que todos toquen o balón antes de anotar

-Asistencia, ou canastra?
-Un bloqueo

-O final perfecto?
-Un final con vitoria

-Como lle gustaría ser lembrado dentro de moitos anos?
-Como un xogador honesto e bo compañeiro

-Que pregunta bota en falta neste cuestionario?
-Se o meu nome é «Guillem», «Guillermo», «Guille» ou «Guillén»

Bo bloqueo directo, Grazas Guille!

Os imprescindibles de Guille Rubio



LIBRO

As novelas históricas de Nicholas Guild como «A estrela de sangue», ou «O asirio» forman parte das leituras de cabeceira de Rubio

PELI

O filme «En busca da felicidade» (2006) mete ao polular Will Smith e o fillo, Jaden Smith, nunha historia de superación baseada na vida real de Chris Gardner

Moito máis que un equipo

O Cafés Candelas facendo piña con decenas de nenos e nenas no Pazo tras un partido resume o que o Breo significa para a súa afección. Ilusión, traballo en equipo como valores que queremos transmitir os que levamos moitos anos vivindo este sentimento a aqueles que aínda están comezando a comprendelo.

O Pazo é o punto de encontro de familias, grupos de amigos, parellas, coñecidos... un lugar onde aparcar as diferenzas noutros ámbitos da vida e unirse nun desexo común que se resume nun enorme FORZA BREO.

O Universitario non acolle so un partido de baloncesto cada vez que o Breo xoga como local. É moito máis. E nesta tempada, como xa noutras pasadas, contribúen a elo amigos como Gravitty Humans In Motion, que amosa a multidisciplinariedade no mundo do baile, a ximnasia e o sentido do humor. Tamén a mascota Máximus acapara a ollada do Pazo e conta con moitos pequenos fans na grada.

Que o espectáculo siga adiante!

A#RifaCeleste

Lévate de cea con amigos, co equipo ou en moto!!

Por so un euro podes gañar ceas cada semana con amigos ou unha co equipo a final de tempada e optar ao gran premio final: unha espectacular Scooter Piaggio Typhoon

Grazas á colaboración de Talleres Lusitano, de Restaurante Cofín e MacroCopia, a partir do partido de hoxe poderás colaborar co club mercando rifas e gañar premios.

No descanso entre o terceiro e último cuarto sacaremos dous números. O primeiro premiado elixirá entre ir a cear con catro amigos a Cofín (Avenida da Coruña) ou ter dúas prazas para a cea de final de tempada co equipo. O segundo premiado quedará coa opción que non elixa o primeiro.

O importe recadado irá íntegro para colaborar co club e será, sen dúbida, unha aportación importante nesta tempada.

Busca ao vendedor da rifa, pode ter o teu número premiado. Sorte !

15%

DESCUENTO

(con este recorte en nueva colección)

URBAN FOOT

VEN A VISITARNOS!!!

GALERÍAS PRAZA MAIOR 27, LOCAL 19 (Lugo)

Síguenos en

www.urbanfoot.es

(Próximamente venta online)

«En Lugo fun feliz»

Por Alberte López Muñiz

Dani López Alcañiz nado no 1982 en Salamanca formouse no Siglo XXI antes de pasar ao Madrid B, chegando a debutar co primeiro equipo, tivo unha longa e exitosa carreira no baloncesto nacional (cunha curta experiencia en México). Estivo en Lugo 4 tempadas divididas en dúas etapas, 2007-2009 e 2014-2016

Xogaches a túa última tempada en Lugo. En que momento decides "colgar as zapatillas"?

Pois non o tiña moi claro, pero unha vez que rematou a tempada, e vendo opcións que casaran coa psicoloxía (carreira que estudei) metinme cunha oposición. Unha vez rematada esta en novembro, pese a que tiña ofertas, quedei tan preto de conseguir sacar a oposición que o vin claro. Ademais se me comprometo cun equipo non o fago para estar a medias, sempre estarei a tope.

Cómo é a vida de Dani López agora?

Aproveito para estar ca familia e cos amigos. Cando deixei de xogar e despois de 5-6 meses en Salamanca, pensaba en que non lembraba estar aquí tanto tempo, dende os 14 polo menos. Fago vida familiar e estudar sobre todo.

Deixaches de todo o baloncesto?

Non, mantéñome en forma, iso vai na miña forma de vida. Incluso perdín peso. Fago exercicio para desconectar, vou correr, xogo ao pádel. Ás veces incluso boto uns tiros de maneira informal. Tamén vexo algo de básket cando podo.

Veste de novo no mundo do baloncesto nun futuro, ou xa está descartado?

A verdade non o descarto, non sei a que nivel, quizais adestrar a uns rapaces ou algo así, pero non a nivel profesional. Ademais ca oposición non sei onde acabarei, pero onde estea verei básket, encántame velo.

Xogaches en ambos equipos que se enfrontan hoxe, Breogán pelexando pola parte alta e Manresa loitando en ACB por salvarse. Que lembranzas gardas de ambas experiencias?

Pois a verdade, onde máis feliz estiven foi en Lugo. Non o digo porque me entrevistes de alí, a xente que me coñece sabeo ben, e por iso volvín. Da miña primeira etapa teño un gran recordo, aquel equipo era de ACB nunha Leb moi forte, non é a de agora. De feito fun a Manresa polo que fixen en Lugo.

De Manresa é algo agridoce, sentinme realizado e xogaba minutos (uns 15 por partido) pero teño a sensación de que non me deron moita cancha, especialmente a primeira tempada. Non gardo mal recordo, pero síntome máis ligado a Breogán, por como sodes.

Segues a actualidade do Breo, ou estás desconectado co estudio?

Estou algo desconectado, pero non de todo. Sei que este ano estamos moi ben, van 8 victorias seguidas e o equipo é moi bo, compensando experiencia e xogadores de calidade... Guille, Richi, Cristian, Salva, un adestrador con continuidade e que coñece ben a liga, o rapaz sueco que está xogando moi ben... Do pouco que sigo, dáme boa sensación. Ademais non ves un equipo superforte como outros anos. Si me sorprendeu Prat, que vai moi arriba.

Un prognóstico para o partido?

Pois aposto por Breogán. Por estar invicto, xogar na casa con a afección detrás. Se tivese que apostar, que é algo que non fago, faríao por Breogán, por 10 puntos.



Coincidiches con algún xogador do Breogán? Algo que nos poidas contar?

Pois xoguei contra Salva, Uriz, Cristian... pero con Guille xoguei na selección de pequenos, xa que somos da mesma quinta. Como persoa, é moi bo, cáeche ben en seguida. É curioso porque é como medio catalán, medio andaluz (ri)... Como xogador para esta categoría é unha pasada, é un loitador, pegase con todos, rebotea, tira a media distancia, sempre saca proveito de calquera balón perdido... Ademais é deses xogadores que che dan un plus de experiencia.

Cómo ves o múndo do básket a día de hoxe? Mellor que fai uns anos, peor, igual?

Pois a verdade o último que vin foi o Madrid-Barça e non teño unha referencia clara, onde se ve é nos equipos de abaixo. Imaxino que se recuperou algo, por cousas como o primeiro triunfo de Burgos en ACB, dos que por certo tamén gardo un gran recordo.

Regresaches a Lugo dende que deixaches Breogán?

Pois pasei pero non puiden parar. Iso si, prometo pasar se ascendemos.

Pasará este ano "iso" que todos queremos que pase? (evitamos usar a palabra)

Jaja... Eu penso que apunta a iso, son moitos anos tentándoo, e este ano parece que se dan todas as condicións. É cedo, pero esta fin de semana, se se gaña, será boa sinal. Cun adestrador que nunca se relaxa e xogadores con esa experiencia, pode ser. Crucemos os dedos!

Larry fala moito do Breo!

Os followers celestes volvérono facer: a conta oficial do Cafés Candelas Breogán foi a máis mencionada a pasada xornada, superando amplamente aos seguintes.

Nada menos que 887 mencións o pasado día 10 cando o Cafés Candelas Breogán xogou e gañou en Palencia. Un partidazo que non pasou desapercibido en Twitter e deu ao Breo, unha vez máis, o primeiro posto do ranking no «mactch day» que elabora cada xornada a plataforma especializada Deportes&Finanzas.

O paxaro de Twitter, volveuse lembrar do Breo. Non pode ser doutro xeito xa que Larry, como se chama o paxaro na honra do lexendario Larry Bird - bautizado así polo cofundador de Twitter Biz Stone, apaixonado do baloncesto e admirador do mítico xogador dos Celtics-, ten alma de baloncestista.

Para que o Breo siga a ser líder tamén neste aspecto, xa sabes: inclúe nos teus chíos a mención a @CBBreogan !

ADELÁNTATE AL BLACK FRIDAY

20% DE DESCUENTO TODA LA SEMANA!!
En prendas seleccionadas

Plaza Soledad 1- Bajo (Lugo)

1	30/09/2017 - 20:00h		83 - 71	
2	01/11/2017 - 18:30h		84 - 85	
3	10/10/2017 - 20:45h		85 - 63	
4	15/10/2017 - 18:00h		73 - 86	
5	21/10/2017 - 20:00h		101 - 73	
6	27/10/2017 - 21:00h		79 - 83	
7	05/11/2017 - 18:00h		97 - 69	
8	10/11/2017 - 21:00h		70 - 74	
9	18/11/2017 - 20:00h		-	
10	26/11/2017 - 18:00h		-	
11	29/11/2017 - 20:45h		-	
12	03/12/2017 - 12:30h		-	
13	10/12/2017 - 18:00h		-	
14	16/12/2017 - 20:00h		-	
15	23/12/2017 - 18:00h		-	
16	29/12/2017 - 20:45h		-	
17	07/01/2018 - 12:00h		-	

*As xornadas como local marcadas para sábado 19:15 horas retrasaranse ata as 20:00 horas se hai coincidencia co Porta XI Ensino



CLUB BALONCESTO BREOGÁN S.A.D.

Avda. Filarmónica Lucense s/n - Lugo
Tel.: 982 23 10 50 - info@cbbreogan.com

FOGAR DO BREOGÁN

Redacción, fotografía e maquetación @MarquinhosFT
Colaborador: @AlberteLpz - Comercial @jbaamonde75
Agradecementos: FEB - @sindooestudio - Unicopia - @Patmas16 - @DeporFinanzas

SOUNDCLOUD

DEPUTACIÓN DE LUGO

A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE